

**PROTOCOLO DE
ABSENTISMO
ESCOLAR**

PROTOCOLO DE ABSENTISMO ESCOLAR DA CIDADE DE LUGO

1.- MARCO LEGISLATIVO.

Existe unanimidade no recoñecemento da educación como un dereito básico dos nenos. En base a elo todos os textos legais (Declaración Universal dos dereitos do neno, Constitución Española, Estatuto de Autonomía de Galicia) dan cabida a este principio como un dos punitivos do estado de benestar.

O marco lexislativo actual debe ter o seu punto de partida na Constitución Española de 1978. No artigo 27 aparece recoñecido este dereito.

Está encadernado na Sección 1ª Capítulo II do Título I como un dereito fundamental, que é obxecto dunha especial protección polo artigo 53 da norma básica, ata tal punto que calquera cidadán poderá recadar a tutela deste dereito, por un procedemento baseado nos principios de preferencia e sumariedade, a través do recurso de amparo ante o Tribunal Constitucional.

Os artigos 27.4 e 27.5 do texto constitucional din que a ensinanza básica e obligatoria e gratuita, e que os poderes garantirán o dereito de todos á educación, mediante unha programación xeral da ensinanza, con participación efectiva dos sectores afectados e a creación de centros docentes.

Por tanto corresponde ós poderes públicos garantí-lo dereito á educación de todos alumnos na etapa obligatoria, pero faise imprescindible establecer mecanismos de coordinación entre as institucións educativas e os poderes públicos con competencia na materia para detectar e abordar as situacions de absentismo escolar, como medio para adoptar medidas compensatorias das situacions persoais, familiares ou sociais que inflúan no comportamento escolar.

A educación supón para a persoa, un dos principais instrumentos de socialización e integración social. En determinados momentos as familias requieren un traballo porque se esteán a producir problemáticas sociais (desemprego, dificultade económica, etc) ou tamén aparecen casos de rapaces en idades "difíciles" con comportamentos disociativos (predeleincluencias, inicio de consumo de drogas).

Ante isto se impoñen a realización de actuacions conxuntas que permitan valorar as situacions específicas por parte dos servizos educativos e dos servizos sociais.

2.- CONCEPTO DE ABSENTISMO ESCOLAR

O absentismo escolar é un concepto non definido de xeito unívoco.

Non existen referencias homoxéneas que nos permitan determinar cando podemos falar dun problema de absentismo para un alumno dado nunha situación concreta

O problema do absentismo escolar ten diversas causas que poden orixinalo:

♦ CAUSAS CENTRADAS NO NENO

Psicolóxicas:

- * Deficiente percepción de si mesmo
- * Sentimento de ineficacia
- * Trastornos cognitivos e/ou das habilidades de aprendizaxe

Sociolóxicas:

- * Entorno careñadiado
- * Medio social con severas limitacións estruturais e normativas

♦ CAUSAS CENTRADAS NA FAMILIA

Nas que a familia pode forzar ó adolescente ó absentismo (directa ou indirectamente) para introducilo en prácticas pseudo-laborais que son incompatibles coa actividade escolar; ou ben a propia familia desocializa os valores que a escola imparte.

Todas situacions familiares contempladas baixo a denominación de "desestructuradas" acompañadas ou non de problemas de toxicomanías poden estar na base de moitos casos de absentismo.

Por todo elo e para poñer en funcionamento un sistema de intervención desde o inicio do problema, debe existir unha concordancia respecto o momento a partires do que se vai a considerar tecnicamente o absentismo.

Entendemos por absentismo a falta do alumno a clase sen xustificación previa ou posterior por parte dos seus pais ou títiores legais, cifrada nun 10% das horas lectivas durante un mes na Educación Secundaria Obligatoria ou equivalente titulación. No caso da Educación Primaria (ou equivalente) considerase absentismo a falta a clase sen xustificación 1 dia por semana durante un período consecutivo de un mes.

3.- PROTOCOLO DE ACTUACION NOS CASOS DE ABSENTISMO ESCOLAR

3.1.-DETECCION

A detección do absentismo pódese establecer dende diversos axentes sociais:

- a) Dende os centros educativos: este é o lugar onde se detectarán a maioría dos casos de absentismo, debéndose asegurar os mecanismos para a recollida de información sobre os alumnos que faltan ó centro. Non convén esquecer que a actuación precoz será un mecanismo moi importante para evitar que unha situación esporádica de ausencias se converta en crónica (xuntase ficha de detección de casos en centros de educación infantil e primaria e de educación secundaria).
- b) Dende os corpos de seguridade (policías local e autonómica), que no exercicio das súas actuacións en espazos públicos e lugares habituais de encontro entre a poboación máis nova (xuntase ficha de intervención de absentismo escolar para estes colectivos).
- c) Dende os servizos sociais de atención primaria, que poden acceder por diversas vías á información relativa ás familias, cando os nenos non asistan regularmente á clase pola escasa ou nula responsabilidade dos seus pais no exercicio dos deberes da patria potestade. Cando dende esta instancia se detecten alumnos sen escolarizar, poden facer intervir á inspección educativa se hai dificultades para consegui-lo.

3.2.-FASES DE INTERVENCION:

O problema do absentismo pode afectar tanto a centros escolares de titularidade pública e privada; e a centros específicos de educación infantil, primaria ou de secundaria.

Tratarase polo tanto de solucionais dende unha intervención multidimensional que só pode atopar unha solución axeitada se é abordado dende unha atención integral na que os diversos profesionais de cada ámbito de xeito coordinado aborden o problema con proxectos de intervención conxuntos.

Fase Primeira: Centro educativo

O Centro Educativo remitirá ós pais/tutores do menor unha carta-presentación ó inicio do curso escolar ou en calquera momento posterior (unha vez detectado o inicio do absentismo) no que informarán os pais/tutores da obligatoriedade dos seus fillos e a súa responsabilidade nesta materia (ANEXOS a este protocolo).

Unha vez detectado o problema dende o centro educativo intervíran os profesionais dos departamentos de orientación dos centros(tutor-orientador-especialista), así como os do Equipo de Orientación Específico.

Neste primeiro momento farase unha primeira intervención coas familias.

En calquera momento, e co obxecto de facer os contactos coa familia (se isto resulta complexo) poderase solicitar a colaboración da Policía Autonómica.

Cando os mecanismos do centro non sexan suficientes para resolver a situación decidirase a Intervención dos Servizos Sociais de Atención Primaria; remitiéndolle para elo o ANEXO do presente protocolo debidamente cumprimentado.

Fase Segunda: Intervención dos servizos sociais de Atención Primaria.

O Director do Centro remitirá por escrito ós Servizos Sociais de Atención Primaria do Concello o Anexo cumplimentado, que deberá conter a máxima información que poña ser de interese para a posterior intervención, así como o resumo das actuacións levadas a cabo polos diversos mecanismos do centro.

O Traballador Social de Atención Primaria, que ten atribuidas funcións de valoración de casos e recepción das demandas, en función da información enviada polo centro, xunto coa que poña obrar no propio departamento (por intervencións anteriores), fará un primeiro diagnóstico da situación, tomando medidas para recadar a información necesaria para un coñecemento máis obxectivo da situación.

Esta fase de recollida de información levará asociada un primeiro contacto coa familia, así como a delimitación das causas que dende o ámbito socio-familiar poden estar incidindo na conducta do menor.

Neste momento do diagnóstico pode derivarse a necesidade dunha intervención conjunta entre o centro educativo e os servizos sociais de atención primaria; para o que se creará un grupo de traballo para o caso concreto, entre os profesionais do centro educativo e dos servizos sociais de atención primaria que farán un proxecto de intervención individual co menor.

Así mesmo poderá solicitar a colaboración en todo momento da Policía Autonómica, cando a Policía Local do Concello non poña resolve-lo caso formulado ou este exceda das súas competencias.

Unha vez rematadas as actuacións por parte dos servizos sociais de atención primaria; estes comunicaran ó centro educativo as conclusións de ditas actuacións.

Fase Terceira: Intervención do servizo de menores da Xunta de Galicia.

Unha vez esgotadas as fases anteriores, e cando exista unha situación de desprotección do menor, remitirase o caso (no anexo establecido ó efecto) ó servizo que tena atribuídas competencias de menores dentro da estrutura orgánica a nivel provincial da Xunta de Galicia en Lugo.

Esta unidade, unha vez concluídas as súas actuacións, remitirá conclusiones das mesmas tanto o centro educativo derivante do caso, como os servizos sociais de atención primaria.

4.- RESPONSABILIDADE DOS PAIS/TITORES/GARDADORES

En concordancia co establecido na Constitución e as Leis Orgánicas reguladoras do dereito á Educación; a normativa galega a través da Lei 3/1987, de 9 de xuño, reguladora da protección xurídica, económica e social da familia, infancia e adolescencia, establece no seu artigo 47.2 como infracción grave o feito de "non procurar ou impedir a asistencia dun neno/a ou dun adolescente en período de escolarización obligatoria a un centro escolar sen causa que o xustifique, cando esta sexa imputable ós pais, titores ou gardadores".

No artigo 50 da citada Lei establece que as infraccións graves poden ser sancionadas con multas dende 1.502, 53 € ata 6.010, 12 € (250.001 pesetas ata 1.000.000 pesetas).

Os artigos 131 e 134 do Decreto 42/2000, de 7 de xaneiro (modificado polo Decreto 406/2003), que refunde a normativa reguladora vixente na materia de familia, infancia e adolescencia establece en concordancia coa Lei as mesmas sancións.

O Capítulo IV do citado Decreto 42/2000 establece o procedemento sancionador por incumprimento dos preceptos arriba mencionados; que outorga á Administración Autonómica a competencia para a instrución e resolución do procedemento sancionador.

5.- COMISIÓN DE SEGUIMENTO PARA O CUMPRIMENTO DO PROTOCOLO

Créase unha comisión para a vixiancia do cumprimento do presente protocolo de absentismo escolar na cidade de Lugo, que será convocada pola Delegación competente en materia de educación, e que se reunirá cunha periodicidade trimestral ou a requerimento da maioría absoluta dos membros.

A composición da citada comisión será:

- * Dous membros da Delegación Provincial da Xunta de Galicia que tena competencias en materia de menores

- * Dous membros do Servizos de Atención Primaria do Concello de Lugo
- * Dous membros da Delegación Provincial da Xunta de Galicia que teña competencias en materia de educación
- * Un representante da policía autonómica

6.- AMBITO DE ACTUACIÓN DO PROTOCOLO

A cidade de Lugo; coa posibilidade de adherirse a este protocolo polos restantes concellos da provincia de Lugo.

7.- ENTRADA EN VIGOR

O presente protocolo entrará en vigor ó día 1 de decembro de 2006.

CARTA INFORMATIVA DA OBLIGATORIEDADE DA ENSINANZA

INICIO DO CURSO

Estimada familia do menor (*nome e apelidos*):

Co motivo do inicio do curso 200-200, e a modo informativo, dirixímonos a vostedes para comunicarles que, tal como se recolle na Constitución Española no seu artigo 27, na Lei Orgánica 8/85 de xullo reguladora do Dereito a Educación (LODE) no seu título preliminar, artigo 1.1; na Lei Orgánica 2/06 de 3 de maio da Educación (LOE) no seu título preliminar, artigo 4, aparece que:

1. Os menores ata os 16 anos teñen a **obriga** de asistir regularmente á escola.
2. A ensinanza básica é **obrigatoria** iniciándose aos 6 anos e ata os 16 (tendo cumplido obligatoriamente dez anos de escolarización).

Sendo **RESPONSABILIDADE** dos pais que se cumpra esta obriga.

Así pois, informámosleis que desde a Comisión de Seguimiento do Absentismo Escolar controlase e supervísase o cumprimento destas Leis.

Os pais cujos fillos/as incumpran esta normativa poden ser sancionados, segundo dita o artigo 47.2 da Lei Galega de Familia, Infancia e Adolescencia ao "non procurar ou impedir a asistencia dun neno/a ou dunha adolescente en período de escolarización obligatoria ao centro escolar e sen causa xustificada, cando lle sexa imputable aos pais, titores ou gardadores poderán ser sancionados cunha multa de 250.000 ata 1 millón de pescetas (de 1.502,53 a 6.010,12 euros)".

Os menores que faltaran con motivo de enfermidade ou outras causas xustificadas teñen que presentar un xustificante no colexio, para que non se lle considere absentista.

Lugo, de _____ de 2006

Atentamente

Director do CEIP/IES

CARTA INFORMATIVA DA OBLIGATORIEDADE DA ENSINANZA

Estimada familia do menor (*nome e apelidos*):

Co motivo das faltas de asistencia ó (centro escolar) do seu fillo/a, dirixímonos a vostedes para comunicarles que, tal como se recolle na Constitución Española no seu artigo 27; na Lei Orgánica 8/85 de xullo reguladora do Dereito á Educación (LODE), no seu título preliminar, artigo 1.1; na Lei Orgánica 2/06 de 3 de maio de Educación (LOE) título preliminar, artigo 4, aparece que:

1. Os menores ata os 16 anos **tenen a obriga de asistir regularmente á escola.**
2. A ensinanza básica é **obrigatoria iniciándose aos 6 anos e ata os 16 (tendo cumprido obligatoriamente dez anos de escolarización).**

Sendo **RESPONSABILIDADE** dos pais que se cumpra esta Obriga.

Así pois, informámoslle que desde a Comisión de Seguimiento do Absentismo Escolar controlase e supervisase o cumprimento destas Leis.

Os pais cujos fillos/as incumpran esta normativa poden ser sancionados, segundo dita o artigo 47.2 da Lei Galega de Familia, Infancia e Adolescencia ó "non procurar ou impedir a asistencia dun neno/a ou dunha adolescente en período de escolarización obligatoria ó centro escolar e sen causa xustificada, cando lle sexa imputable ós pais, titulares ou gardadores poderán ser sancionados cunha multa de 250.000 ata 1 millón de pesetas (de 1.502,53 a 6.010,12 euros)".

Os menores que faltarán con motivo de enfermidade ou outras causas xustificadas teñen que presentar un xustificante no colexio, para que non se lle considere absentista.

Lugo, de 2006

Atentamente

Director do CEIPIES